



INFORMACIÓN SOBRE PRAZO E MODO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE AUXILIAR DE SALA (GRUPO C - SUBGRUPO C2)

1 PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 13 de marzo de 2020 na que se aproban as bases xerais sinala:

“Base 5.3.- O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP”

Como consecuencia o prazo de presentación de solicitudes abre ás 00:00 do día 26 de febreiro e remata as 23:59 minutos do día 8 de marzo de 2021.

2 FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (BASE XERAL 5.2)

a) Presentación telemática: na Sede Electrónica da Deputación de Lugo accedendo ao Catálogo de Servizos – Recursos Humanos, onde figura o modelo oficial de solicitude - relación de méritos.

Para este trámite será necesario contar con certificado electrónico e que os documentos que se deben incorporar coa solicitude sexan orixinais con código de verificación.

Deberase presentar:

- 1.- Solicitude de participación - relación de méritos (non debendo presentar as acreditacións documentais dos méritos relacionados, xa que unicamente as presentarán as persoas aspirantes que superen a fase de oposición).
- 2.- Os documentos auténticos, validados ou compulsados que se sinalan no punto 3.

b) Presentación presencial: no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, pedindo cita previa a través do número de teléfono 982 260 030, ou en calquera outro lugar dos sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O día da presentación deberán levar:

- 1.- Solicitude de participación - relación de méritos (non debendo presentar as acreditacións documentais dos méritos relacionados, xa que unicamente as presentarán as persoas aspirantes que superen a fase de oposición).
- 2.- Os documentos auténticos, validados ou compulsados que se sinalan no punto 3.



3 DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE (BASE XERAL 5.4)

- a) A **titulación académica** oficial esixida na base específica 4 (**GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA ou eequivalente**)
- b) O **DNI**, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.
- c) O **nivel de galego** esixido na base específica 5 (**Celga 4**), no suposto de non acreditalo deberá realizar, de se lo caso, a proba regulada na base xeral 8.1.3
- d) O documento acreditativo do **pago da taxa** de participación en procedementos selectivos (Base Xeral 5.6)

Contía da taxa: 15€ ou 3,75€ si se presenta certificado do servizo público de emprego que acredite a condición de persoa desempregada xunto coa de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

Forma de pagamento: en efectivo na Tesouraría da Deputación de Lugo debendo pedir cita previa a través do número de teléfono 982 260 017, ou ben mediante xiro postal ou transferencia bancaria ao número de conta ES04 2080 0163 8531 1000 0423 de Abanca.

- e) **Certificado de discapacidade** no suposto de solicitar adaptación de probas ou participar en listaxe de emprego reservados a persoas con discapacidade.

Para calquera aclaración ou dúbida pode chamar a Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación Provincial a través de calquera dos seguintes números de teléfono 982 260 082 - 982 260 198 - 982 260 043.

A XEFA DA SECCIÓN DE SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA.